

Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL**

GROVE, O

**Recadación***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DE TERRAZAS**ANUNCIO*

Por acordo do Pleno do Concello de data 29 de setembro de 2025 aprobouse definitivamente a Ordenanza reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e outro mobiliario, o que en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 02 de abril, publícase o seu texto íntegro:

**ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E OUTRO MOBILIARIO***TÍTULO PRELIMINAR-EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

O Concello do Grove precisa dispor dunha ordenanza, reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outro mobiliario, coa finalidade de establecer a regulación das autorizacións municipais para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería.

Nos últimos anos a ocupación de espazo público con terrazas aumentou considerablemente. Esta situación fai necesaria a redacción dunha ordenanza capaz de regular as autorizacións de instalación de terrazas co fin de facer compatible a utilización do espazo público para o gozo dos usuarios da vía coa ocupación desta por parte dos titulares dos establecementos. Tómanse así medidas tendentes a buscar un equilibrio e unha distribución equitativa e razoable do dominio público.

Con esta ordenanza trátase tamén de acadar unha uniformidade nos materiais empregados para todo o mobiliario que se empregará polos establecementos que soliciten a instalación dunha terraza no termo municipal do Grove.

*TÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**ARTIGO 1. OBXECTO*

A presente ordenanza regula a instalación de terrazas e veladores na vía pública e noutras zonas de dominio público, destinados exclusivamente á consumición de bebidas e comidas, anexos ou accesorios a establecementos públicos que a teor do previsto no DECRETO 124/2019,



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e establécense determinadas disposicións xerais de aplicación na materia e demais normativa que lle sexa de aplicación.

1. O obxecto deste ordenanza é a regulación das autorizacións e o procedemento de outorgamento para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería no termo municipal do Grove.
2. Exclúense da aplicación desta ordenanza os actos de ocupación da vía pública con actividades de hostalería que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas e similares.
3. Non son obxecto desta ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal.
4. As terrazas do quioscos ou instalacións de tempada como poden ser os quioscos de praia ou similares, deberán en todo caso respectar o establecido nesta ordenanza.

O horario de apertura en funcionamento ou actividade destes establecementos será de 09.00 horas a 00:00 horas.

Bares e restaurantes, quioscos autorizados por Costas, que non son de praia pecharán ás 01:30 horas.

## ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta ordenanza aplicarase ás terrazas compostas por mesas (sexan comúns ou pregables), cadeiras, antucas, macetas, biombos, barrís ou calquera outro elemento que faga os mesmos fins. Trátase de mobiliario urbano móbil e desmontable anexo aos establecementos de hostalería no termo municipal do Concello do Grove.

## ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

1.- Enténdese por terraza, para os efectos desta ordenanza, toda a instalación que implique o uso temporal de chan de uso público susceptible de aproveitamento relacionado con actividades propias da hostalería. Supón a colocación de mesas, cadeiras, antucas, e outros elementos auxiliares móbiles e outros aparellos colocados na liña de fachada ou fronte ao establecemento, ou calquera outra zona que os técnicos municipais determinen como zona de extensión ou ampliación da actividade que se exerce dentro do dito establecemento.

- Velador: É o conxunto formado por unha mesa e ata catro cadeiras. Porén, os efectos do disposto nesta ordenanza, asimilaranse o concepto de velador a todos aqueles elementos ou conxunto de elementos mobles destinados a servir de soporte das consumicións con ou sen asento para os clientes (mesa con cadeiras, mesas con banquetas, bocois, caixóns ...).
- Elementos auxiliares móbiles: Son aqueles destinados ao ornato da terraza, tales como macetas, quntadores, e outros elementos decorativos.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

- Mamparas: Son os elementos móbiles de delimitación da terraza, e protección contra o vento, con un máximo de 1.80 metros de altura.
- Toldos: Cuberta de tea ou similar sostida por unha estrutura metálica que se tende para facer sombra aos veladores e resto de elementos da terraza autorizados. Os toldos (pérgolas) poden ser abatibles suxeitos a fachada ou toldos desprezáveis instalados sobre a terraza en unha estrutura metálica instalada sobre ao chan.
- Antuca ou parasol: Instrumento similar ao paraugas, que serve para protexerse do sol. Consistirá nun único pé dereito que soporta unha lona ou toldo dotado dunha base suficiente para garantir a estabilidade.
- O voo das antucas, non poderá exceder da superficie autorizada para a terraza, nin entorpecer o tránsito peonil. Colocásen se de forma que quede unha altura libre mínima de 2.20 metros medidos desde a rasante da beirarrúa até a parte máis baixa das mesmas unha vez despregadas.
- Instalacións desmontables: Son aquelas que están constituídas por elementos prefabricados, sen elaboración de materiais en obra, doadas de transportar, susceptibles de ser montadas e desmontadas a diario mediante procesos secuenciais que non requiran man de obra especializada.
- Rúas peonís: A efectos desta ordenanza, considéranse peonís as rúas ou prazas reservadas de xeito exclusivo ou preferente ó tránsito peonil, agás no regulado para carga/ descarga, tránsito vehículos de servizos públicos ou de acceso de residentes.
- Itinerario peonil accesible: É aquel que, se axusta ás condicións establecidas na normativa de accesibilidade e permite o acceso a persoas con dificultades de mobilidade.
- Mobiliario accesible: Son os elementos cunhas características que os fan utilizables por todas as persoas e especialmente polas persoas usuarias de cadeira de rodas.
- Plataforma: Tarima construída con materiais duradeiros destinada a instalación dos veladores.
- Instalación da terraza: Realización dos traballos de montaxe dos veladores no lugar habilitado, dispostos para o exercizo da actividade propia.
- Recollida da terraza: realización dos traballos de desmontaxe do mobiliario ao finalizar a actividade diaria, e almacenamento en lugares habilitados ao efecto polo responsable do establecemento e sempre fora da vía pública ou cando sexa requirido pola autoridade municipal ou polos seus axentes nos supostos previstos nesta Ordenanza.
- Retirada da terraza: realización dos traballos de retirada do mobiliarios, xardineiras, mamparas e demais elementos integrantes da mesma, ao finalizar a tempada ou cando sexa requirida pola autoridade municipal ou polos seus axentes nos supostos previstos nesta Ordenanza.

2.- Prohíbese a colocación nas terrazas de mostradores, ou outros elementos para o servizo da terraza, tales como frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos, carriños de xeados, máquinas expendedoras de bebidas ou calquera outro elemento anexo a este tipo de establecementos.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

3.- Poderase autorizar a colocación de macetas ou biombos para delimitar a zona, debendo especificarse os que se pretenden instalar no plano que se achegue xunto coa solicitude, así como o tipo ou modelo utilizado. Non poderán exceder os límites da autorización.

## TÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO

### CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### ARTIGO 4. AUTORIZACIÓNS

1.- As autorizacións que se concedan supoñen un aproveitamento privativo e especial do dominio público municipal. Por ese motivo entenderanse outorgadas a título de precario e quedarán sen efecto cando, a xuízo da autoridade municipal, concorran razóns de interese público, sen que teña cabida dereito a indemnización.

2.- O petionario da autorización non posúe un dereito preexistente á súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación da vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes autorizan o interesado para instalar a terraza.

3.- A competencia para a concesión de autorización de ocupación con terrazas e estruturas auxiliares correspóndelle ao alcalde, logo dos informes dos servizos técnicos municipais, e esta autorización deberá axustarse ao disposto nesta ordenanza.

4.- A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización, ou sen axustarse ás condicións da autorización concedida, dará lugar á inmediata orde de retirada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer e subsidiariamente retirada polo Concello, a costa da persoa interesada.

5.- A autorización para a instalación da terraza dará dereito a exercer a actividade nos mesmos termos que establece a correspondente autorización de apertura do establecemento, coas limitacións que, en materia de consumo, prevención de alcoholismo, emisión de rúidos etc., se establecen nas ordenanzas municipais e lexislación sectorial aplicable.

6.- A autorización expedida polo Concello ou a declaración responsable (coa documentación relacionada a mesma) deberá mostrárselle á autoridade municipal ou aos seu axentes cantas veces sexa requirida.

7.- En ningún caso a terraza poderá invadir accesos a locais, edificios, garaxes con vaos debidamente autorizados e/ou pasos de peóns, zonas axardinadas, debendo garantir sempre un paso de 1'50 metros para o itinerario peonil.

8.- As terrazas deberán quedar a unha distancia dos vaos debidamente autorizados que poderá oscilar entre 0,50 e 1,50 metros. A distancia concreta para cada caso será establecida pola Policía Local en función das características específicas do vao e da rúa, atendendo a criterios de seguridade viaria, visibilidade e maniobrabilidade. Esta distancia medirase desde o límite do vao ata o elemento da terraza máis próximo.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

9.- O titular deberá ter no establecemento, en todo momento, a autorización outorgada para a instalación da terraza e coidar da adecuada visibilidade do cartón identificativo.

Facilitarase pola Administración ao titular da autorización un cartel indicativo onde figurarán: Nome do establecemento, localización, tempada, metros cadrados de ocupación e plano detallado de localización co mobiliario autorizado. O cartel coa licenza debería atoparse exposto ao público no exterior, ou no interior en lugar visible desde o exterior.

10.- Será requisito imprescindible o informe favorable deste concello para a solicitude para instalación de terrazas na zona portuaria o de competencia do Portos de Galicia ou de outra administración.

11.- As terrazas interiores serán incluídas e definidas nas autorizacións de apertura e funcionamento do establecemento, debendo rexerse o seu horario e normas de funcionamento polo establecido por esta ordenanza.

12.- Con carácter excepcional, nas rúas das zonas máis antigas e primixéneas do municipio, poderá autorizarse a instalación de terrazas adosadas ás fachadas dos establecementos, establecendo un corredor peonil central, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a configuración urbanística da rúa, a súa anchura ou outras características físicas fagan inviable a instalación de terrazas mantendo o itinerario peonil accesible xunto á fachada con ancho mínimo de 1,80 metros.
- b) Que o corredor peonil central teña un ancho mínimo de 1,80 metros e estea debidamente sinalizado mediante elementos de sinalización horizontal que sirvan como guía a persoas con discapacidade visual, conforme ás seguintes especificacións técnicas:
  - Instalarase unha franxa-guía lonxitudinal de pavimento táctil indicador direccional ao longo de todo o itinerario central, con ancho mínimo de 40 cm, formada por baldosas con acanaladuras lonxitudinais de perfil redondeado e profundidade entre 3-5 mm.
  - Ao inicio e final do tramo, así como nos puntos de cruce ou perigo, instalarase pavimento táctil indicador de advertencia, formado por baldosas con botóns troncocónicos en retícula ortogonal, cunha profundidade entre 3-5 mm, diámetro superior de 10-25 mm e separación entre centros de 50-55 mm.
  - Ambos tipos de pavimentos deberán contrastar cromáticamente co pavimento circundante, preferentemente en cor amarela ou vermella, e manterán a mesma base de material, resistencia e durabilidade que o pavimento existente, sen crear resaltes.
- c) Que a solución proposta garanta a seguridade e accesibilidade de todos os usuarios da vía pública, especialmente das persoas con discapacidade.
- d) Que se conte cun informe técnico municipal que xustifique a excepcionalidade da medida e a idoneidade da solución proposta.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

*ARTIGO 5. VIXENCIA DAS LICENZAS E RENOVACIÓN*

1.- As licenzas outorgaranse por ano natural e entenderanse tácitamente prorrogadas, nos mesmos termos en anos sucesivos ata un máximo de 4 anos, se ningunha das partes, Concello e interesado, comunica por escrito á outra, antes do 1 de xaneiro a súa vontade contraria á prórroga. No caso de vontade contraria á prórroga por parte do Concello, esta deberá estar motivada por algúns supostos previstos na presente Ordenanza.

2.- As modificacións nas condicións das licenzas, así como a baixa no aproveitamento deberán solicitarse antes do 1 de xaneiro.

*ARTIGO 6. TITULARIDADE DAS AUTORIZACIÓNS*

1.- Poderán solicitar a autorización os titulares de establecementos de hostalería, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulen, ou pola persoa que legalmente a represente.

2.- Para efectos do disposto no apartado anterior, terase en consideración a titularidade e a actividade que conste na autorización de apertura ou na declaración responsable.

*ARTIGO 7. TRANSMISIBILIDADE*

As autorizacións serán transmisibles conxuntamente coa do establecemento sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen esta circunstancia, por escrito, ao Concello de acordo coa normativa aplicable.

*CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO, DETERMINACIÓN DA SUPERFICIE A OCUPAR  
E OBRIGA DE RESOLVER**ARTIGO 8. SUPERFICIE DAS TERRAZAS*

1.- A autorización non se concederá por mesas, senón por unidades de superficie, medidas en metros cadrados.

2.- Con carácter excepcional, e en circunstancias puntuais, despois dun acordo entre a persoa solicitante e o Concello, poderanse conceder outras distribucións, sempre e cando non lles afecte aos metros totais autorizados.

3.- Cando o interesado quixese modificar as condicións da terraza en canto a súa localización, extensión, mobiliario, horario ou calquera outro aspecto deberá presentar unha nova solicitude coa documentación necesaria.

4.- A superficie da terraza estará vinculada ou condicionada pola anchura ou superficie do lugar onde se pretenda instalar.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

*ARTIGO 9. SOLICITUDE*

1.- O procedemento comezará coa solicitude do interesado, na que ademais dos datos esixidos no artigo 70.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faranse constar os seguintes extremos:

- a) Nome ou razón social e enderezo do local do establecemento hostaleiro desde o que se atenderá a terraza solicitada.
- b) Declaración sobre autorización de apertura do local á que se refire o apartado anterior e, se aínda non se conta con ela, indicación da data en que se solicitou.
- c) Extensión da superficie da terraza en metros cadrados.
- d) Número de unidades de mobiliario así como, se é o caso, dos demais elementos de separación e outros que se pretenden instalar.
- e) Sinalamento dos días para os que se solicita a autorización para a instalación da terraza.

2.- A solicitude debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) Fotografía da fachada do local e do espazo exterior onde se pretende situar a terraza.
- b) Plano acoutado da superficie que se pretende ocupar pola terraza a escala 1:100, no que se reflectirá a situación do local do que depende, a dos elementos que comporán a terraza, os espazos libres, ancho da beirarrúa ou do espazo de que se trate, franxas de itinerario peonil, distancias ás fachadas e bordos, elementos urbanos que existan na zona (árbores, papeleiras, farois...) e demais aspectos relevantes para comprobar a adecuación ás previsións desta ordenanza.
- c) Fotografías ou planos dos elementos que se pretendan instalar.
- d) Calendario anual no que se sinalen os días de ocupación da terraza solicitada.
- e) Proxecto da publicidade para inserir no mobiliario da terraza. Deberá ser sempre acorde coa imaxe, ornamento e estética que se contempla nesta ordenanza.
- f) Xustificante de pagamento do recibo por instalación de terraza do ano anterior.

*ARTIGO 10. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO*

1.- O procedemento será tramitado pola Oficina Técnica Municipal.

2.- Deberase comprobar a veracidade dos datos reflectidos na solicitude. Tamén a adecuación da terraza aos intereses xerais, á presente ordenanza e ao resto do ordenamento xurídico. Como regra xeral, incorporará un informe técnico do departamento de Urbanismo e do servizo da Policía Local. Poderánselles solicitarse outros informes aos servizos administrativos, cando for axeitado.

3.- Finalmente, elevarase ao alcalde a proposta de resolución, que sinalará todas as limitacións ás que se verá suxeita a autorización.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

*ARTIGO 11. RESOLUCIÓN*

1.- Resolverá o alcalde.

2.- As resolucións, especialmente as denegatorias e as que introduzan limitacións ou as que se afasten do solicitado, haberán de ser motivadas.

3.- A notificación da resolución que autorice a instalación da terraza deberá estar dispoñible no establecemento segundo o disposto no artigo 4.6.

4.- Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación da petición no prazo de tres meses considerarase desestimada de forma tácita para os efectos da interposición dos correspondentes recursos.

*ARTIGO 12. EXTINCIÓN, MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN DAS AUTORIZACIÓNS*

1.- O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da autorización dará lugar, con independencia das sancións que puidesen proceder, á súa revogación.

Consideraranse incumprimentos graves aqueles en que o titular se exceda do autorizado en canto ao espazo ocupado pola terraza, aos elementos que a compoñen ou ao horario; ou realicen actividades non permitidas e estea causando con iso perturbacións efectivas aos intereses xerais protexidos por esta ordenanza.

2.- As autorizacións poderán ser revogadas, de maneira motivada, en calquera momento por razóns de interese xeral.

3.- A Administración poderá, nas mesmas condicións que no apartado anterior, modificar as autorizacións en canto á súa localización, extensión, mobiliario, horario ou calquera outro aspecto.

4.- As autorizacións poden ser suspendidas, total ou parcialmente por razóns de interese público; pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos similares de interese preferente; a realización de obras, esixencias dos servizos públicos ou outras actividades que requiran o espazo ocupado polas terrazas. Cando a suspensión supere os cinco días consecutivos o empresario afectado poderá solicitar a devolución da parte proporcional das taxas polo tempo que se mantivo a suspensión.

5.- A extinción ou suspensión da autorización de apertura ou o peche por calquera causa legal do local ou establecemento desde o que se debe atender a terraza determinará igualmente a automática extinción ou a suspensión da autorización da terraza.

6.- Extinguida a autorización por calquera causa, o titular desta quedará obrigado a retirar todos os seus elementos e a non volver a instalalos.

7.- Cando por causas imprevistas de urbanización, razóns de interese xeral así como por implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, desaparecieran as circunstancias que xustificaron o outorgamento da autorización ou xurdisen outras que fosen causa de



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

denegación ou modificación, o Concello, mediante resolución motivada e previa audiencia do titular, poderá modificar, e mesmo revocar, a autorización concedida sen dereito a indemnización.

### *TÍTULO III. CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS*

#### *CAPÍTULO I. SITUACIÓN*

##### *ARTIGO 13. LIMITACIÓNS XERAIS*

Unha vez instalada a terraza, deberá deixarse un espazo mínimo libre de obstáculos do 50 por cento da súa anchura nas rúas peonís e de 1,80 m. en tódolos casos.

A localización das terrazas nas rúas peonís dependerá das características xeométricas da rúa, da disposición do mobiliario urbano da existencias de garaxes con vao permanente debidamente legalizado e da localización doutras terrazas.

Nas rúas peonís o mobiliario das terrazas colocarase de forma que quede un espazo libre de todo obstáculo, debendo deixar libre a anchura necesaria para permitir o tránsito peonil ou de vehículos autorizados e de emerxencias, vinculando en todo caso a anchura máxima da terraza coa anchura da rúa e co ancho necesario para o tránsito de vehículos e peóns.

A terraza situácese en liña do bordo da beirarrúa en paralelo a fachada ou pegada a fachada, ocupando a fronte de fachada do establecemento, sendo a situación autorizada a mais favorable para a circulación e accesibilidade dos peóns. En ningún caso ocupará a fronte de fachada doutro establecemento.

Naqueles casos nos que a terraza se sitúe en liña co bordo da beirarrúa deberá quedar unha distancia de seguridade entre o bordo e a terraza de 30 centímetros como mínimo.

En casos especiais, cando pola propia configuración física do espazo non sexa posible, ou conveniente, o Concello poderá establecer outras características distintas ás definidas no parágrafo anterior.

No caso de que o itinerario peonil accesible discorra polo centro da vía, a terraza terá que situarse xunto á fachada.

En todo caso determinarase a mellor localización da terraza de forma que se garantan os tránsitos peonís, accesibilidade a edificios ou a calquera elemento de mobiliario urbano ou servizos públicos existentes e calquera outra circunstancia a ter en conta.

Así mesmo estableceranse tres zonas para as cales se poden establecer normas específicas de montaxe e funcionamento, que serán definidas polo departamento técnico correspondente de acordo coas características e necesidades específicas de cada rúa, sendo estas:



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

Zona A:

1. Rúa Pablo Iglesias, Alexandre Bóveda (dende a Rúa Luís Antonio Mestre ata a Rúa Rosalía de Castro), Avenida de Beiramar, Castela, Luís Seoane, Peralto, Confín, Concepción Arenal, O Mariño e Barqueiras.
2. Rúa Platería.

Zona B: resto de rúas deste concello.

#### ARTIGO 14. CONDICIÓNS XERAIS

1.- A colocación de mesas e cadeiras, parasoles, mamparas (pranchas móbiles para illar ou separar un espazo) e, de ser o caso, macetas ou biombos ou outro mobiliario nas vías públicas non suporá en ningún caso obstáculo para o tránsito peonil nin poderá prexudicar a seguridade deste, do tráfico rodado ou limitar o uso do mobiliario urbano.

O Concello poderá delimitar a superficie autorizada para instalación de terraza, ben mediante a sinalización das marcas correspondentes sobre o pavimento, ben mediante outros medios que sexan considerados máis eficaces pola Xunta de Goberno, previo informe técnico.

2.- A autoridade municipal competente denegará a solicitude destas instalacións en calquera dos seguintes supostos:

- Que supoña un prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o condutor etc.).
- Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente Ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc..).
- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios.
- Que se pretendan instalar en zonas de carga e descarga.
- Que se pretendan situar en pasos peonís.
- Que se pretendan instalar en rúas, aparcadoiros ou outras zonas non permitidas.
- Que dificulte o acceso a inmobles colindantes.

3.- Deberán, en todo caso, deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se for preciso polos servizos públicos correspondentes:

- As entradas a galerías visitables.
- As bocas de rega.
- Os hidrantes.
- Os rexistros das redes de subministración



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

- As saídas de emerxencia
- As paradas de transporte público
- Os aparellos de rexistro e control de tráfico
- Os accesos a parques e xardíns
- Os elementos de mobiliario urbano de uso común
- O titular do establecemento ou os seus empregados deberán colaborar na retirada do mobiliario cando así lle sexa indicado polos Axentes da Autoridade ante intervencións de vehículos de emerxencia na zona ou calquera outra causa xustificada.

4.- Quedarán sempre libres as entradas ás vivendas e vaos permanentes.

5.- Nos establecementos abertos ao público con terraza, as persoas titulares das actividades coidarán do mantemento da orde nas terrazas, debendo solicitar a actuación do Concello en caso de alteración ou molestia para a veciñanza. En ningún caso producirán e transmitirán ruído que supere, en espazos abertos ou interiores, os valores que determinen a normativa en vigor.

6.- Queda absolutamente prohibida a colocación nas terrazas de altofalantes ou calquera outro aparato difusor de son.

7.- Queda prohibida a instalación de billares, futbolines, máquinas recreativas ou de azar, máquinas expendedoras de tabaco, bebidas, comidas ou outros produtos no exterior dos establecementos hostaleiros regulados na presente ordenanza.

8.- Permitirase a instalación de calefactores ou aparellos análogos sen exceder o espazo autorizado para ocupar coa terraza. A súa instalación estará suxeita a licenza, que poderá solicitarse conxuntamente coa da terraza ou con posterioridade á mesma. Estes aparellos non necesitarán de ningún tipo de instalación e as características dos mesmos deberán cumprir a lexislación vixente que lle sexa de aplicación.

9.- Permitiranse a instalación de toldos, pérgolas ou cubertas impermeables ou calquera outro elemento instalable desde o chan da vía pública sen ningunha fixación ao mesmo e sen posibilidade de pechar os laterais ou frontal do espazo cuberto. Sempre que a súa instalación e funcionamento non sexa fixa ou permanente.

10.- Características das beirarrúas e ocupación permitida:

- a) Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña un ancho mínimo de 2,50 metros e que se deixe, ao menos, un espazo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.
- b) Nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 2,50 metros e inferior a 3 metros, tan só se permitirán dúas cadeiras por mesa, debendo colocarse a mesa apegada á liña da fachada do establecemento principal e as cadeiras enfrontadas, co fin de que quede, ao menos, un espazo de 1,50 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns
- c) Unicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros, permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,80 metros libres de obstáculos



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

para o tránsito dos peóns. Asemade, entre as dúas fileiras de mesas deixarase un paso para servir as mesmas de 0,80 cm.

- d) Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan ou pegada ao borde da beirarrúa, de acordo co que se determine para cada caso, sen superala en lonxitude da fachada do inmovible, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes. En principio, poden instalarse as mesas na totalidade do ancho da fachada do establecemento de hostaleira se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, hidrantes, rexistros dos distintos servizos, respiradoiros dos aparcamentos subterráneos, etc) non o impiden.

Exceptúanse desta esixencia, as zonas peonís e prazas, onde a colocación das mesas requirirá, en cada caso concreto, un estudio especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza, se ben, non se poderá instalar a terraza durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos para carga e descarga.

Non obstante, excepcionalmente, previo informe técnico, poderase permitir que a instalación da terraza rebase a liña de fachada do establecemento, pero en calquera caso, o solicitante tamén deberá autoliquidar taxa pola ocupación do espazo anexo e a acreditar documentalmente a conformidade das fincas (vivendas e locais comerciais) colindantes.

- e) As ocupacións a que se refire esta Ordenanza non se poderán autorizar cando o establecemento e a terraza estean separados por calzada de rodaxe de vehículos, excepto en rúas peonís, de acordo co establecido nesta Ordenanza e previo informe favorable dos técnicos correspondentes.

## ARTIGO 15. HORARIOS

1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- a) Horario de apertura: 09:00 horas.
- b) Horario de peche: 00:00 horas, con carácter xeral para todos os establecementos.
- c) Durante os meses de xullo e agosto, así como en vésperas de festivos e durante as festas patronais, o horario de peche poderá ampliarse ata a 01:30 horas.

2.- Non se permitirá a instalación nin a recollida de terrazas durante o horario de funcionamento autorizado.

3.- Os establecementos disporán de 30 minutos desde o horario de peche para a recollida total da terraza.

4.- En casos excepcionais, a Alcaldía poderá modificar os horarios establecidos, por razóns de interese público, eventos especiais ou circunstancias extraordinarias.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

*ARTIGO 16. CONCORRENCIA*

1.- No suposto en que varios establecementos soliciten ocupar un mesmo espazo, o Concello delimitará o seu espazo en cuestión, que poderá referirse ao total da vía pública ou a parte desta, e adxudicará o espazo para ocupar en función dos criterios establecidos no apartado 2 do presente artigo. No suposto de que se produzan novas solicitudes con posterioridade a este reparto, poderá dar lugar á modificación das terrazas xa autorizadas.

2.- Criterios de valoración. Ata 15 puntos:

- Antigüidade da terraza (tendo en conta que no primeiro ano de vixencia da presente ordenanza todos contarán con 0 puntos): 1 punto por ano de antigüidade, ata un máximo de 5 puntos.
- Lonxitude da fachada do establecemento en metros. 1 punto por cada metro, ata un máximo de 10 puntos.

*ARTIGO 17. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL*

A persoa titular do establecemento deberá dispor dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que se estenderá aos posibles riscos que se deriven do funcionamento da terraza.

*ARTIGO 18. LIMPEZA, HIXIENE, ORNATO E RETIRADA DA TERRAZA*

Os titulares das terrazas teñen a obriga de manter o mobiliario e a zona que ocupa a terraza nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato. Un informe que indique o non cumprimento deste requisito será suficiente para retirar a autorización correspondente.

1. O mobiliario da terraza non estará en ningún caso fora do espazo autorizado a ocupar, debendo velar o titular da licenza para que os usuarios non excedan os límites do devandito espazo.
2. O titular da licenza deberá realizar todas as tarefas de limpeza necesaria ao termo da xornada.
3. Deberá prestarse especial coidado durante as tarefas de montaxe e desmonte e retirada do mobiliario da terraza, non permitíndose o arrastre do mesmo e minimizando o ruído que puidese producirse.
4. Prohíbese expresamente almacenar ou amontoar produtos ou materiais xunto a terrazas de veladores, nin residuos propios da instalación.
5. O mobiliario das terrazas, especialmente mesas e cadeiras, deberá estar deseñado con materiais e características que minimicen a xeración de ruídos durante o seu uso e manipulación. Evitarase o uso de elementos integramente metálicos sen protección, debendo incorporar tacos de goma ou outros elementos amortecedores nos puntos de contacto co pavimento. O Concello poderá requirir a substitución do mobiliario que, polas súas características, xere molestias acústicas excesivas.



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

6. As mesas, cadeiras, macetas e pés de antucas poderán permanecer amontoados na vía pública ao termo da xornada desde o 1 de xuño até o 30 de setembro, dentro do espazo autorizado para a instalación da terraza, sempre que non constitúan un obstáculo para o tránsito peonil.
7. Os toldos, pérgolas ou cubertas impermeables autorizados deberán permanecer recolleitos fora do horario autorizado na presente ordenanza.
8. O resto de elementos que formen parte do mobiliario da terraza (antucas, calefactores, etc.) deberá ser retirado diariamente da vía pública ao termo da xornada.
9. Dentro do horario autorizado para a instalación da terraza, non poderá permanecer amontoados na vía pública ningún dos elementos que a forman, debendo esta estar instalada ou retirada.

#### ARTIGO 19. DEREITOS E DEBERES

##### a) Dereitos:

1. O titular da licenza terá dereito a exercer a actividade nos termos da respectiva licenza, e con suxeición ao disposto na presente Ordenanza.
2. Tratándose a autorización dun uso común e especial da vía pública, será inmediatamente revogable por incumprimento das condicións establecidas nesta ordenanza ou a autorización específica.
3. No caso de que o espazo autorizado na licenza véxase afectado por outros usos vinculados á execución de obra en edificio ou no dominio público, ou, en xeral, por razóns de interese público relacionadas co uso da vía pública que se consideres de interese preferente e estean, en todo caso, debidamente autorizados, o titular da licenza deberá retirar a súa instalación sen dereito a compensación indemnizadora algunha.

##### b) Deberes:

O titular da licenza, ademais dos deberes xa establecidos noutros preceptos desta ordenanza, deberá cumprir os seguintes:

1. Velar para que en ningún momento ocúpense espazos distintos dos autorizados na licenza.
2. Non atender aos usuarios que se sitúen fóse do espazo permitido.
3. Velar para que os usuarios non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que xeren molestias aos veciños ou aos demais usuarios da vía pública. Esta situación poderá conlevar a limitación horaria da licenza, ou a súa denegación ou revogación.
4. Manter o mobiliario en perfectas condicións de seguridade, hixiene, ornato, dispoñendo dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento dos residuos que puidesen xerarse. Os produtos de varrido e limpeza efectuados polos titulares, non poderán ser abandonados na rúa en ningún caso, debendo recollese en recipientes



Luns, 20 de outubro de 2025

Núm. 200

homologados e non deberán estar en zona de uso de terraza por razóns estéticas e de hixiene.

5. A zona ocupada deberá quedar totalmente limpa ao final da xornada así como as zonas dos arredores ás que puidese alcanzar sucidade por razóns de vento.
6. O titular da licenza deberá estar ao día no pago da taxa fiscal de ocupación.
7. O titular da licenza, así como todos os empregados, teñen o deber de permitir e facilitar a inspección municipal para comprobar o cumprimento desta ordenanza.
8. En especial, deberán ter sempre á vista no establecemento a licenza en que se reflecta a ocupación autorizada. Debendo ter ademais o documento acreditativo do pago da taxa e a póliza do seguro de responsabilidade civil con xustificante de pago de estar en vigor.

## CAPÍTULO II. MOBILIARIO

### SECCIÓN 1ª. NORMAS COMÚNS

#### ARTIGO 20. ANCORAXE

Non se permitirá a ancoraxe de ningún dos elementos da terraza ao pavimento (mesas, cadeiras, antucas ou outro mobiliario) a excepción das mamparas (pranchas móbiles para illar ou separar un espazo) cuxa ancoraxe unicamente se pode facer con autorización previa a través de tinteiros, sempre e cano ningún elemento desta sobresaia da rasante do chan.

#### ARTIGO 21. PUBLICIDADE.

